

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO PROGRAMA DE EMPREGO “MOCIDADE DA MANCOMUNIDADE DE VERÍN VI” SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O FSE.

PRIMEIRA. Obxecto

Estas bases teñen como finalidade determinar o sistema de selección, procedemento, requisitos e baremos que serán de aplicación como normas do procedemento de selección do alumnado traballador do Programa de Empleo “Mocidade da Mancomunidade de Verín VI” Mancomunidade de Verín 2020” de conformidade co previsto nos artigos 2, 10, 11 e 14 da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Empleo e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

Na regulación deste procedemento de selección tense en conta ademais o establecido na Circular número 6/2021, de data do 15/06/2021, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, sobre Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

Segundo o establecido nas instrucións, as entidades beneficiarias da subvención solicitarán ao alumnado-traballador que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego.

Estas bases deberán ser remitidas á xefatura territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina



web da entidade promotora.

Segunda. Requisitos para poder participar como alumnado-traballador.

-Poderán ser persoas beneficiarias participantes deste programa aquelas persoas mozas inscritas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. Ademais, deberán manter o cumprimento dos requisitos esixidos na Lei 18/2014, modificada polo Real Decreto- Lei 6/2016, do 23 de decembro, con carácter previo a participar nos obradoiros de emprego.

- Cumprir os requisitos para poder formalizar o contrato de formación e a aprendizaxe, de acordo co previsto no artigo 11.2.c) e na disposición adicional segunda do vixente texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

TERCEIRA. Procedemento de selección.

A entidade promotora realizará a selección entre as persoas desempregadas remitidas pola oficina de emprego, que realizará a comunicación das persoas preseleccionadas.

A oficina de emprego de xestión realizará unha sondaxe que terá en conta aquelas persoas que teñan solicitado algúns dos seguintes servizos:

320: Escola taller programas

330: Casa de oficio

340: Taller de emprego

370: Outros programas de emprego formación dual

Como novidade, as ofertas tipo T preseleccionarán a demandantes de emprego que se atopen na situación administrativa de suspensión 699 “suspensión



específica programas experimentais de emprego”.

No correspondente ao ámbito xeográfico, a sondaxe abranguerá aos concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós.

A oficina de emprego comunicará aos candidatos o lugar, data e hora en que se deberán presentar coa documentación acreditativa dos méritos sinalados nestas bases e para a realización da entrevista persoal.

As persoas aspirantes achegarán orixinais e fotocopias da seguinte documentación:

- DNI ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Xustificante de ter una discapacidade funcional igual ou superior ao 33%.
- Documentación acreditativa de non percibir prestación ou subsidio de desemprego e do último período de inscrición como demandante. (vida laboral actualizada do último mes ou certificado do SPEG.)
- Calquera outra documentación que se achegue como xustificación da situación do baremo puntuado nesta fase da selección.

CUARTA.- Constitución, composición e funcións do tribunal selectivo

- 1. Constituirase un tribunal de selección que estará formado por seis membros, integrado por un presidente, catro vogais e asistidos por un secretario que actuará con voz pero sen voto.
- 2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral de calquera administración pública. A súa composición será estritamente técnica e a lo menos dous deles serán traballadores sociais.
- 3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado



público.

- 4. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.
- 5. O tribunal non poderá constituírse nin actuar validamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.
- 6. O réxime xurídico aplicable ao tribunal de selección será o que se establece para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- 7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunhas das causas previstas nas leis.

QUINTA. Resolución do proceso selectivo e contratacións.

- 1. O tribunal selectivo elaborará en primeiro lugar a listaxe de admitidos e excluídos coas puntuacións correspondentes á entrevista persoal.
- A acta cos resultados será publicada e exposta nos taboleiros da oficina de emprego e da Mancomunidade de Verín.
- Nunha nova reunión do tribunal selectivo procederase a valoración do currículo dos candidatos, os cales se publicará unha acta provisional. Na antedita acta constará un prazo de 2 días hábiles para os efectos de reclamacións contra as valoracións provisionais ou a exclusión do proceso. Para non demorar a resolución do proceso, os escritos de reclamacións presentaranse nas oficinas da Mancomunidade de Verín (rúa do Castro nº 4, Verín) ou na oficina de emprego de Verín.
- 2. Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará no taboleiro de edictos e na páxina web da Mancomunidade www.mancoverin.es o nome dos





candidatos propostos para o nomeamento, pola orde de puntuación acadada e con indicación da cualificación obtida.

- 3. De acordo coa relación, elevarase ó presidente, ademáis da acta da sesión, a devandita proposta de nomeamento do aspirante aprobado, procedendo o presidente aos nomeamento do aspirante seleccionado, efectúandose a formalización do correspondente contrato laboral.
- 4. En ningún caso o tribunal cualificador poderá proponer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.
- 5. Cos aspirantes que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade a finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista.
- 6. Para efectuar esta proposta, o tribunal de selección poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.



SEXTA. Baremos do proceso selectivo.

Segundo os criterios establecidos no artigo 11 da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, os méritos que se valorarán son os seguintes (máximo 30 puntos):

	CRITERIOS		PUNTOS
1	Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación neste programa		6
2	Persoas que non participaran anteriormente en obradoiros		4
3	Discapacidade 33%		1
4	Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
		De 20 ata 22 anos	1
		De 22 ata 24 anos	2
		De 24 ata <30 anos	3
5	Experiencia laboral	Ningunha	3
		Ata 12 meses	2
		12 meses ou máis	1
6	Nivel de cualificación profesional	Baixa (que non posúan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
		Media (que posúan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP)	1,5
		Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5
7	Entrevista persoal		10

A distribución dos postos correspondentes a cada concello participante será:



- Castrelo do Val: 2
- Cualedro: 2
- Laza: 2
- Monterrei 2
- Oímbra 2
- Verín 4
- Vilardevós 2

Se nalgún concello non se chega o mínimo dos candidatos, ocuparase dita praza polo orde de puntuación.

Ocuparán o último lugar na prelación, de acordo coa antedita distribución, as persoas candidatas que tiveran participado nalgún obradoiro ou programa de emprego nas dúas últimas convocatorias. En todo caso, os candidato/as non poderán cursar unha especialidade formativa que xa teñan superada.

As persoas candidatas cumprimentarán un cuestionario de datos relativos a súa situación profesional, laboral e de empregabilidade, que terá o valor de declaración presunción de veracidade. De comprobarse o falseamento dos datos poderase determinar a súa exclusión do proceso de selección.

Os posibles empates que resulten da aplicación do baremo resolveranse aplicando os seguintes criterios:

- Non tiveran participado en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego ou tiveran participado un menor número de veces.
- Non teñan experiencia laboral ou a que teñen sexa menor.
- Non teñan cualificación ou a súa cualificación sexa de menor nivel.
- Parados de longa duración.
- Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

Serán propostos para participar no Programa de Emprego aquelas persoas que acaden



maior puntuación como resultado do proceso de selección ata o número de prazas convocadas. As restantes formarán a listaxe de reservas, que estará vixente ata a data de inicio do proxecto.

Para a distribución do alumnado-traballador nos módulos, buscarase o consenso entre o alumnado-traballador, para adaptar, na medida do posible, os seus intereses cos módulos. De non ser posible, a orde de selección de módulos será por orde de puntuación do alumnado-traballador. Se o alumnado-traballador non quixera cursar o módulo que lle corresponda, sería motivo de exclusión, pasando a súa praza ao seguinte por orde de puntuación do seu concello

De conformidade co artigo 14 da Orde de convocatoria, as incidencias e reclamacións serán resoltas polo tribunal de selección. As súas resolucións poñen fin a vía administrativa, tendo tal carácter as listaxes definitivas

SÉTIMA. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE E CESIÓN DE DATOS

D./Dña..... con DNI.....

DECLARO:

1º- Que os datos relativos ao cuestionario sobre á miña situación profesional, laboral, de empregabilidade e outros datos relativos ao proceso selectivo, son verídicos.

* Según a Base SEXTA do proceso de selección, de comprobarse o falseamento dos datos poderase determinar a exclusión do proceso de selección.

2º- Autorizo a Mancomunidade de Verín para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro e na páxina Web da Mancomunidade de Verín, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección

Verín,.....de.....de 2021

Asdo.



ANEXO II. Declaración xurada

DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA PODER PARTICIPAR COMO ALUMNO/A NO PROGRAMA DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

D./Dña....., con NIF:.....
estando interesado/a en participar no Programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil,

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que con carácter previo ao inicio do Programa manteño o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia (*BOE nº 252, do 17 de outubro*) modificado polo artigo 1.15 do Real Decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, de medidas urxentes para o impulso do Sistema nacional de garantía xuvenil (*BOE nº 310, do 24 de decembro*) e pola Disposición final terceira, punto 3 do Real Decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego (*BOE nº 23, do 27 de xaneiro*) que a continuación se relacionan

- a) Non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
- b) Non ter recibido accións educativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
- c) Non ter recibido accións formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.

E para que conste asino esta declaración.

En..... de de 2021

O/A alumno/a

Sinatura.





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 EMPREGO E IGUALDADE



Fondo Social Europeo
Iniciativa de Empleo Juvenil
O FSE inviste no teu futuro



 **Xacobeo 21-22**



Cod. Validación: 39RYLC2DXG6PXW/PNN/PD/N97H2 | Corrección: <https://mancomuin.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11